

Un Novo "Abrazo de Vergara"

Deicagora, nos meios demócratas republicáns, coadábase de boa fé que unha monarquía constitucional poría ser un paso — un paso cando máis — á volta á normalización das garantías individuais e colectivas e, con elo, cecáis, a posibilidade dun inicio na acción a prol das liberdades nacionais de Galiza, Cataluña i Euzkadi.

Todo isto, conveñámo-lo, pousaba no fracaso catastrófico económico e social a que levou a Hespaña o falanxismo do cal, unha monarquía liberal suporía cecáis, unha saída, un mal menor que algúns sectores aceptaban en previsión de futuro cara ó reencontro sen derramamento de sangue da Terceira República, esta vegada federal — non federable — limpa de erros e cerrilismos centralistas e, no orde económico-social, unha avanzada lexislación dacordo ós tempos e as necesidades nacionais dos povos peninsulares.

Así as cousas, a monarquía, ó parecer, é un feito, mais non a monarquía liberal que se esperaba que serviría de ponte ós vieiros de liberdade e democracia. O que está a se xestar é unha funesta e retrógrada monarquía absolutista incompatible cos tempos modernos mais que está a xurdir tétrica e feudal pra apontalar a Hespaña Negra restaurada polo falanxismo nun novo "Abrazo de Vergara" entre os dous bandos monárquicos en pugna e, que representan hoxe a más moura reacción internacional.

Non nos enganemos: Hespaña, como onte o foi co feixismo internacional o é hoxe no campo da más moura reacción monárquico-crecional dirixido dende Roma o colexo da reacción internacional fronte on mundo novo de conquistas sociais e de reivindicacións nacionais. I este fenómeno repetido, que ven sendo unha constante histórica que fai de Hespaña campo abonado pra reacción máis ultramontana, débese ó seu fracaso como NACION, como ESTADO UNITARIO, verdugo e carceiro das Hespañás. Daí a falta de ideas nacionais que fagan da "nación" hespañola un grande país. Daí esa frustración en permanenza ó longo da Historia. Fracasou a monarquía absolutista imperial dos Habsburgos; fracasou a monarquía dos Borbóns; fracasou o falanxismo e, por qué no decirlo? en grande parte, tamén, a República do 31, polo mal de morte conxénito xestado e malparido pola funesta Isabel i, herdado ó traveso da Historia até hoxe: o tangaraño da UNIDADE HESPAÑOLA baixo o molde rípidio da cultura, o dereito e a lei da imperial Castela que coutou bárbara e cerrilmente a groriosa tradición das Hespañás afinada na cultura e liberdade nacional dos povos peninsulares, Portugal inclusive.

14 DE ABRIL

Con esperanzas renovadas celebramos os galegos este aniversario de proclamación da República. O 14 de Abril de 1931 significaba o triunfo do sentimento liberal sobre o espírito retrógrado do centralismo hespañol, e por eso Galiza enteira sentou entusiasmo, da o seu aporte a aquela victoria e vibrou intensamente diante as perspectivas que se abrían para as augueiras do noso povo. Ese sentimento liberal, esa insubornable valoración do home que acocha na mesma raíz das xentes galegas, esperaban atopar na República o vieiro que permitiría realizar os nosos ideais nacionais, nun senso de armonía e tolerancia. E así púxose a traballar con entusiasmo na preparación das etapas preparatorias para a recuperación das nosas liberdades nacionais. As asembleas populares sucedíanse sin interrupción, discutíanse os problemas, redactábanse os anteproxectos de Estatuto que nos devolvía a liberdade roubada polo centralismo... Non importa que con lateración celerata se fagan os estudos...

tiránico, sanguiniento e criminal. A triste realidade está de mostrando nidiamente que o seu triunfo e soio un episodio unha dificultade no camiño que inexorablemente deberá percorrer Galiza. A descomposición actual do réximen falanxista mostra a súa febreza e lembrano, unha verdade xa denantes sabida. Os réximens fundamentados na violencia, na rapiña, no odio e na negación do home, son réximens de pasar, que nunca alincan nun povo. Deixan tras de si un ronsel de sangue e mártires pero terminan espertando no home un mais grande amor a súa liberdade creadora. Por elo, neste novo 14 de Abril, Galiza ve renovada a súa fe no futuro dos seus destinos e diante da evidente descomposición do réximen falanxista programa o seu dereito a eistructurar a súa vida de acordo as nosas características nacionais e aos nosos problemas económicos, nun ambiente de confraternidade de cos demais povos ibéricos, pero sin supeditar endexamais os nosos desíxos e deberes a intereses alieos.

A NOSA TERRA

Año XLI BUENOS AIRES, ABRIL DE 1958 Núm. 501

Curros Enriquez

Para referirse ó gran poeta non é mester agardar a chegada das súas datas. Curros é unha das matrices da poética galega de xerarquía universal i é o derradeiro precursor do noso movemento político e social que leva en si o futuro da nosa existencia como povo ceibe. Polo tanto, punto de referencia ó cal teñen de recurrir a cotío o mesmo os intelectuais que os loitadores políticos. Ele abrangueu as dúas tarefas. Foi un poeta hipersensibil, nunha época de inconciza colectiva, deborcado ós problemas esenciaes do seu país sometido, o que constitúe un outo exemplo de sagrefizo para aqueles intelectuais que o pospoñen ó relume de creacións meramente literarias ou artísticas. Curros, nado noutro país máis venturoso, onde a liberdade, a xustiza e a dignidade non fan necesidades tan premiosas, sin dúbida houbera acabado, con tempo e vagar, outas intimidades. Pulos e azas posuía dabondo. Fillo dun país carente de liberdade, preferiu a poesía como arma de combate, de loita e de revalorización para conquistar. Denantes que poeta sentiuse home e galego. Así trocouse en heraldo de todo un povo asoballado. Emporiso o seu sagrefizo e o seu mensaxe de liberdade, dignidade humana, nos emoveitan e nos doen no fondo da alma, i erguémoslos como bandeira e fito.

Curros foi un home da súa época (que a trascende), so metido as realidades dooras do seu povo. Demócrata de pureza acrisolada e poeta civil, resulta ser o derradeiro coletazo do noso romantismo serodio. Após dele chegan Cabanillas e Noriega Varela. O primeiro, sobor de todo, abre o que podemos chamar en Galiza o modernismo. Aparés unha nova sensibilidade i estética, pro inda non tan aliea a súa predecesora. É mester que a poesía se subxetivice aínda máis, ó noso ver, infruída polas descubertas do psicoanálise, gañe en imáxes e metáforas rutilantes até cegarnos, para que a poesía de Curros deixe de gostar pleamente e fique soio a aureola da súa rebeldía cívica. Mais os gustos pasan e o verdadei-

ro poeta permanece imperturbabel ós seus embates caprichosos. Curros resulta inconmovibel. Quenes o frecuentamos a miúdo, sabemos do seu poder máxico. E a derradeira crítica acaba de reafirmalo no seu pedestal augusto de outo creador, ricacho de betas, de precursor e visionario da nosa caste. Nos días tráxicos que vive Galiza a súa obra e a súa figura prócer medran, axigántanse, e un pouco desvalidos confesamos sentir a necesidade da súa presenza e do seu impracabel anatema.

A triloxía groriosa do século pasado enceta tres dimensións vitais do espírito galego de fondas consecuencias nas xeracións posteriores. Rosalía, na súa eispresión máis outa, crea por vocación a poesía metafísica da saudade, cecáis a beta fundamental do noso ser. O senlleiro Pondal, afon-

da nas esenzas céltigas na procura do noso cerne. Curros, temperalmente, erguese inteiro nunha poesía da liberdade, vaor sustancial do home, que configura ós povos creadores de cultura e civilización. Ele ensinanos, devótanos ós galegos após dun século de esquecemento, a paixón pol-a liberdade, porque sabe que a personalidade do seu povo somente terá realización plea ó traveso da liberdade.

Velaí, en síntese, sinxelamente, o supremo do seu mensaxe político, erguido heróicamente nunha sociedade de ilotas i envilecida; seca nas súas raíces creadoras por un centralismo absurdo de caste e privilexio; esterilizada por un catolicismo "suigeneris", ultramontano, troglodita, tan alieo ó espírito de convivencia da nosa terra. Pro, ós 50 anos do seu pasamento a inmortalidade, contra vento e marea, pensa-

Moimento a Castelao

A Comisión pro moimento a Castelao, encabezada polo Centro Galego, i encabezada polas máis importantes entidades da colectividade, entrou nunha fase de funcionamento activo, o que promete arribar ó logro de que se faga realidade o xeral enceto colectivo cal é o de que o gran patriota galego teña axetado moimento.

A devandita Comisión da que forma parte a Irmandade Galega, representada polos irmans Rodolfo Pradá e Manuel Ucha; puxo en poder das entidades que a compoñen os bonos polos que se ten de financiar tan patriótica obra.

A Irmandade Galega, coscente do seu deber perante as figuras que simbolizan o sentimento de fidelidade e amor a patria; das que Castelao é a máxima eispresión. xa fixo entrega do diñeiro \$ 25.000 que importa a primeira remesa dos bonos retirados, habendo acordado retirar outra remesa pola mesma cantidade de \$ 25.000 que fican a dispor dos irmans, e de todosos galegos que queiran axudar a iste honroso e meritório homenaxe.

moimento e acción do movemento ceibador da nosa nacionalidade, de incólume e secular.

B. S.

O Galeguismo Forza Evanzelizadora

Non é un segredo pra ningún, que a colectividade galega de Bós Aires exerce unha influencia decisiva no vivir económico, político, cultural, etc., do noso país. O sazonado sentimento patriótico, o axetado e realista enfoque político, mais que a forza económica, cumpren en lle dar gravitación trascendente e histórica as labours dos galegos emigrados, os que a pesares da distancia xeográfica que os alonxa dos nativos eidos, ven de cote acarón de canto con Galiza, teña atinencia; así pois non é eistrano que a mesma eistructura funcional da emigración galega sexa en certo xeito no aspecto societario, semellante a dunha pequena Galiza atuando ceibe das cadeas que agrilloan a Galiza peninsular. Eiquí temos entidades representativas das catro provincias galegas, de moitos partidos xudiciais, axuntamentos e parroquias; todo elo como e toxico, e lle compre a toda comunidade que atua en liberdade, maticado polas distintas corren-

tes de opinión nas que os poucos teiman enroitar seus anxeos encol de ouxetivos de ben común.

E neste senso, onde a Irmandade Galega atua enchendo unha honrosa e patriótica misión evanzelizadora da función colectiva da nosa emigración; non coa teima de se constituir en xueces ou fiscales dos labores de ninguén, senón porque ten a obriga de cumprir un sagro e irrenunciabel deber: o de lle dar os nosos paisanos, con fraterno sentimento de irmáns, o noso consello i o noso exemplo; pra que todos por igual sexamos diños fillos da mesma nai, a nai Galiza fermosa i escravizada, que ten mester de que todos loitemos con firme patriotismo pol os seus dereitos e as suas liberdades.

O galeguismo non é un partido político dado a espallar e defender unha filosofía ou doutrina política determinada; o galeguismo é o partido da patria galega, ouxetivo supremo das nosas arelas e inquedanzas. Pra nós son diñas de respecto e apoio, toall os credos políticos, relixiosos ou filosóficos; con tal de que sexan esencialmente democráticos e aitian a prol do progreso, da cultura e das liberdades de Galiza.

"feridos e duros". Por sorbo poucos, moi poucos, menos cada diada, que, horfos de apoio e quentura coeivas, danse de cote a inútil tarefa de se opor o avance do noso credo patriótico i evanzelizador. Son os serviles e venxentos dos fensores do réxime asoballador, que máis que atuar pra defender sanos e patrióticos ideais, móvense por enfermidade, za vaidade; daí a súa teima inútil, de por as nosas institucións o servicio do devandito réxime, o cal lle permitiría oficiar de rodrigóns dos seus representantes. Son tamén os "avanzados con trinta anos de atraso", como con moito acerto e gracia decía Castelao que, coitados, teorizan encol de doutrinas de presunta liberación internacional pra ocultar a sua incapacidade de se liberar dos complexos de inferioridade que como galegos sempre padeceron. Son os censores de café ou de pequeno "fatiño" seudo... seudo calquera cousa; que padecendo de preguiza incurabel, como non poden facer nada útil fan o único que poden facer, fan derrotismo. Son (en fin) os que sin sentimentos pra nos sentir, sin intelixencia pra nos entender, sin azos pra nos seguir; critican "sotto voce" as nosas labours xa que, coscentes da nosa forza, temen a nosa predica e carecen de variedade pra se lle enfrentar valente e francamente.

Aspiramos e loitamos porque a nosa Terra sexa o fogar común dun povo que ten de vivir en rexima, onde a cultura, o benestar e a tolerancia mutua, sexan suas características máis acusadas. Aspiramos e loitam porque o povo galego comprenda a xusticia e razón das nosas doutrinas, que non son nosas, senón as suas, as de todos. Non nos moven cativos vezos de vaidade, de proveito persoal nin anxeos de reitoria e afáns de goberno. Un soio móvil e comenzo e fin das nosas arelas, Galiza. Daí o preselixio e creto colectivo da institución devanceira do galeguismo; daí tamén a forza crescente d'ebordante do noso movemento. Pouco importa pois que aínda queden algúns

O galeguismo espállase cada día máis, porque e un credo de verdade, de redención patriótica, de liberdade e democracia. O galeguismo e o canto pol-o que a nación galega ten de se enroitar cara as suas reivindicacións e cónmicas, culturais, históricas, etc. O galeguismo é a boa nova da dinificación do noso país; emporiso que a forza incontível da sua influencia, abrangue cada diada unha meirande eistensión cultural, política, patriótica, etc.; e nin o terror do centralismo crudel e bárbaro, nin a estulticia complexiva (Pasa Pax 2)

CARRAL

Abonda con unha verba: Carral. Toda ela, curta, rexa, ten un fondo significado. É o nome dun povo perto da Coruña onde se ergue un moimento sinxelo que tamén ten un fondo significado. O moimento é un cruceiro no que se lé: Aos Mártires da Liberdade. Foi ergueito pol-a Liga Galega da Coruña en 1904 coma homaxe ao heróis da Revolución Galega de 1846, afueitados ali o 26 de abril.

A Revolución de 1846 respondía a un plan xeral de toda a Península para erguerse contra a tiranía de Narváez, mas na nosa Terra acadou contornos diferentes pois ao intervir nela o estudiantado de Compostela convertiuse en unha Revolución Galega. Foi o berro primero que anunciaba que a Patria Galega asoballada durante séculos espertara e que estaba disposta a loitar pol-a sua existencia e pol-a sua liberdade.

Podemos aplicar tamén aos 12 mártires de Carral a frase que Castelao adicara a nosos miles de mártires na loita contra o feixismo: Non enterran cadavres, enterran semente. Os vagos soños de soerguemento do vello Reino de Galiza en 1846 convertíronse na firme vontade de estabelecer o Estado Galego. Hoxe máis do que nunca a historia demostra que os mártires da liberdade galega non son cadavres senón semente.

revoldaina

EMIGRACION. Paso primeiro: Fai un tempo, o xeneralísimo Franco pronunciou un discurso na cidade da Cruña, que deixou pampas os paisanos de María Pita.

O Caudillísimo das Hespañas, pónese em pontas de pes i-reguendo opapo dixo que Galiza estaba ben así, —patacas e peixe— Ren de industrializarse, para que? Galiza debe seguir emigrando portadora para América do xenio da ragoza...

— ★ —

EMIGRACION. Paso segundo: No territorio galego estase a apricar unha aitiva política de saltos de auga. Millons de kw. comenzaron a xudirem das suas fevenzas e, o país galego via con outimismo como acaron desta tremenda forza hidroeléctica, aparecerían industrias que coutarian os camiños da emigración. Mais quen o pensara: a forza xurde e os Kw. multiplicanse por millóns emigrantes cara á meseta polos metálicos aramios. Desta ilusión galega sostida nos Kw. sofocou a paisaxe un tanto modificada...

— ★ —

EMIGRACION. Paso terceiro: Eureka no país galego, en terras de Lugo apareceron unhas fabulosas minas de ferro, tan estraordinariamente ricas que os técnicos as estiman como as mais importantes de Europa tanto polos reservas acumuladas como pola calidade.

O país galego, naturalmente, sinteuse reconfortado: acaron dos xacementos do preciado mineral xudirían axiña outos fornos e con elo unha potente industria siderúrxica que coutaría dunha vegada por sempre esa emigración. Mais quen o pensara: o mineral emigra en bruto polos portos de Vigo e da Cruña camiño de Inglaterra e de Alemaña...

— ★ —

EMIGRACION. Paso cuarto: Na cidade da Cruña as autoridades inauguraron con moito rebumbio a "Escola do emigrante". Bateuse o parche a máis e máis, houbo estouro de foguetes de sete estalos e discursos con brindis patrióticos a la española: Esta é a casa, máis que escola de emigrantes, é academia civil de soldados de paz e de traballo que a xenerosa Hespaña guía cara ás ricas terras de América, suas fillas. Cada soldado emigrante será doadamente ferreido nos debates e obrigas do bon súbdito hespañol: defender con carraxe a sagra unidade da patria; non descooidar a práctica dos exercicios espirituais co Altísimo, que tan grande fixo a Hespaña, obediencia, honradez e contraición no traballo e honrabilidade cristián son istas as coutas virtudes que adovian o invencible xenio da Hespaña heróica dos Reis Católicos, Filipe II, Alfonso III e o Xeralísimo Franco, Caudillo de Hespaña pola gracia de Deus... e dos mouros...

— ★ —

PARES QUE. Deste volta a monarquía en Hespaña vai en serio, como que xa coasi e un feito.

Don Xchan, o fillo de Alfonso XIII aveseu a un entendimento político cos carlistas; e que neste gaspacho monárquico —carlista— clerical, "Opus Dei", a sua santidade o Papa das Romas ten moito que ver... E e xeralísimo? O xeralísimo é o que vai a mexer o fedorento gaspacho...

— ★ —

VAI POR DEUS. Quer desir que nestas tempos que corren da xeira atómica, da conquista dos espaciais siderais, cando xa andan a remataren colares na lua, diante dunha Europa recuperada, rexoubante de creacions económicas e centíficas, a Hespaña esa pobre Hespaña "desfecedora de entuertos" está totalmente coberta por unha abafante néboa de incenso e o mouro a agachado runxe de sotanas e debullar de rosarios. O bispo de Málaga, monseñor Herrera, liscase liscar a Madrid, a facerese cárrego do monárquico xornal "YA". E a Hespaña negra, a Hespaña moura coa República, rexurdida con Franco dunha montara de mártires e rexoubante coa monarquía absolutista de fondas e mouras esenciais feudais, a chegar.

★

E AGORA a nota cómica: Na Federación de Sociedades Galegas, esta pobre Federación que dende fai uns anos a esta parte anda co espírito entangarado, suceden as cousas máis paveras.

Nas asembleas xerás realizadas no decorrer do marzal p.p.d., estando en uso da verba — en galego — o delegado por Buxán Cándido Alfonso González, saculle á raso delegado por Porriño, un tal Domínguez — un xerónimo de nascimento e condición, que non coñece ó Porriño e menos aínda a Galiza —

Concurso Literario en Homaxe a Curros

Con xerarquía que compre á esgrevia figura do baril poeta galego Curros Enriquez, e o outo senso patriótico que caracteriza ó Centro Ourenseño do Bos Aires, onde todo ideal e saqueo da patria galega atopa garimosa resoancia, háchase esta entidade, adicada a lembrar a memoria do noso poeta, co gallo de se cumprir o cincuenta cabodano do seu pasamento.

Pra elo, amais dun gran aito central a levar a cabo no próximo mes de Xullo nun importante teatro desta cidade, tense orgaizado un gran concurso literario, que tera de abrançar os seguintes temas e os premios correspondentes:

- 1º Premio de \$ 3.000 m/n.: POEMA: en idioma galego eisaltando a Curros Enriquez.
 - 2º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma galego sobor de "Curros Enriquez patriota galego".
 - 3º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma galego sobor de "C. Enriquez poeta".
 - 4º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma galego sobor de "O Divino Sainete de Curros Enriquez".
 - 5º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma galego sobor de "A Virxe do Cristal Carros Enriquez".
 - 6º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma galego sobor de "Curros Enriquez xornalista".
 - 7º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma portugués sobor de "Curros Enriquez figura do mundo Galaico-portugués".
 - 8º Premio de \$ 2.000 m/n.: ENSAIO: en idioma castelán sobor de "Curros Enriquez por escritor non galego".
 - 9º Premio de \$ 1.000 m/n.: ARTIGO: en idioma galego sobor de perscalidade de Curros publicado en xornal ou revista entre o 1º de Xaneiro e o 31 de Nadal de 1958.
 - 10º Premio de \$ 1.000 m/n.: ARTIGO: en idioma portugués, sobor da perscalidade de Curros Enriquez, publicado en revista ou xornal entre o 1º de Xaneiro e o 31 de Nadal de 1958.
 - 11º Premio de \$ 1.000 m/n.: ARTIGO: en idioma castelán, sobor da perscalidade de Curros Enriquez, publicado en xornal ou revista, entre o 1º de Xaneiro e o 31 de Nadal de 1958.
 - 12º Premio de \$ 1.000 m/n.: GLOSA: en idioma galego sobor de Curros Enriquez, preser leida na rudiación radial e istension máisima unha páxina tamaño oficio, a dobre espacio, escrita a maquina. Iste premios, son acordados polas distintas entidades da nosa colectividade, que honran diste xeito a lembranza imperecedeira do noso poeta.
- As bases e demais detalles diste intrasante concurso, poden solicitarse na Segredaría do Centro Ourenseño Rua Belgrano 2186.

Centro Galego de Tandil

Ficou constituído recentemente o Centro Galego de Tandil, entidade que agrupará aos nosos compatriotas residentes na ferrosa cidade bonaerense e cuxas actividades contribuirán, sen dúbida, a honrar o nome da nosa Terra. A creación de entidade galegas no interior deste país ten unha estraordinaria importancia, pois demostra que o noso polo emigrado — que dende os tempos das descoberdas contribuíu efectivamente á colonización do Novo Mundo — ten no presente azos e conciencia para aitar con plea independencia, ou sexa, que xa non ten por qué aitar no seo da colectividade alicia. Nós felicitamos aos fundadores desta nova entidade e desexámoslles o maior éxito na sua labourea que, sendo fidel a Galiza será tamén honrosa para a Argentina.

O Centro Galego de Tandil está presidido polo Dr. Alfonso S. Calvo.

quen mocionou pra que o delegado por Buxán se expresase en castelán... (?)

Pro o máis pavelo deste pintoresco incidente, foi a intervención do representante por Vedra, combaño Santiago Suárez, natural de Guitriz, e honesto e competente carpinteiro, pra máis señas, quen, pñéndose en pose de home que non vai a decire unha burrada e, termendo dos anteollos que lle donan un certo aer de "inselektual" apoiou a moción do seu colega o arxentino señor Domínguez, calificando de "abuso" ó delegado por Buxán polo atrevimento de falar en galego, nada menos, que en tres seicións a fio... (?)

★

FRANCAMENTE, estas escenas traxicómicas, máis que encabuxarnos, dóenos. E non é cousa de apricarlle a estes demócratas de cartón pintado, o duro calificativo de desleigados, reacionarios e treidores a terra e ó seu povo. Para que? Sería gastar pólvora en chimangos. Porque fronte a parvés progresiva destes Santiaguínos, ércuese acero de galegidade polo verbo de Rosalía, Curros e Pondal, o espírito de Lita Suárez...

Na Irmandade Galega Está o Frente de Loita de Todos os Patriotas Galegos

A IRMANDADE GALEGA é un movemento de todas as vontades que desexan efectivamente a liberdade da Terra e do Pobo Galegos. Non está ao servizo de ningún interés partidario nen de ningunha vaidade persoal: está ao servizo de Galiza.

Todos aqueles galegos que sintan verdadeiramente a dor da nosa Terra escravizada e desexen traballar pola sua redención teñen un posto de loita na IRMANDADE GALEGA.

O frente de loita polos Ideais non está nos cafés, nen nas tribunas familiares, nen na asistencia pasiva aos mítins ou aos aitos culturais: está nas entidades que representan a loita por eses Ideais. O frente de loita dos galegos que se sintan GALEGUISTAS está na IRMANDADE GALEGA.

Se vosté, que neste intre está a ler este chamamento, coida que para cumprir coa sua concencia debe loitar pola liberdade do Pobo Galego aprenséntese sen perder mais tempo na IRMANDADE GALEGA. A IRMANDADE GALEGA o recibirá cos brazos abertos calquera sexta-feira de 21 a 22 horas na Avda. Belgrano 2186.

Curros o Poeta da Fidelidade

No mes de Marzal de 1908, pasou a eternidade na cidade da Habana, o esgrevio poeta galego Manuel Curros Enriquez. O se cumprir o 50 cabodano da morte do poeta, A NOSA TERRA cumpre co deber do honor de lle render a sua lembranza o homenaxe emocionado o que pola xerarquía lírica e patriótica se fai merecedora.

Feron os poetas, os que usando o divino verbo do noso racial e telúrico sentimento nacional galego, fixeron posíbel o sazonado froitecer patriótico actual, que tanto promete de abundosa colleita de fermosas realidadeis. Feron os poetas, constanciados co povo galego a antena vibrante receptora da sutil sensibilidade, de ricas espírito popular. Feron os poetas, os artifices da nova e moimental realización — tan importante como a románica Catedral Compostelana — que constitúe a lírica galega actual, as que non existe ningún dos aspectos do noso país, que dun ou outro xeito non estea reflexado en versos que non sementes son maravellas de Herba beleza, senón en moitos casos, estudos matriciales de costumes, xeitos e maneiras, do cotian vivir, sentir, arlar e loitar da Galiza eterna.

Nos momentos líricos que deixamos espostos e na rielgura dos poetas galegos do século pasado, foi con dúbida Curros Enriquez, un dos que con máis rera e baril firmeza, baten co maxio da sua penna contra as fortexas da inxustiza, do escurantismo e da opresión. Non quedou ningún dos nemigos do povo galego, que non recibira o traballo que amostraba a indomita rebelión do poeta. O clericalismo cerril e lecoiro, agente da antipatria, ó servizo do centralismo prepotente e aseballador. A xustiza venal e falsa, ó servizo dos poderosos, verdugo e azoute dos humildes. O señorilismo preguiceiro e parbo, de vedrañas e esmorecentes resoanciais fúdasas que, na sua teima, de eternizar a opresión, non recuaba en empregar os máis bárbaros e iniores procedementos. En fin todo canto era negación, oposición ó povo galego, a sua cultura, os seus anxeos de progreso e sauperação, foi onesto de rexo ataque de parte do poeta.

A 50 anos da morte do barodo, Curros sigue vivo na lembranza e no agarimo do noso povo. Máis que nada, porque foi un devanceiro das modernas correntes a prol da emancipación social das clases humildes, que con todo direito e razón, turran cada diada con máis coscente resolución ser donos dos seus propios destinos, dos seus bens moares e materiaes, que fornecen co seu traballo, e das institucións e instrumentos de goberno que lles aseguren o direito á liberdade, á cultura e o honestar social; que como clase produtora de todo canto de grande e vital teñen as nacións, por lóxica remanecencia se lles debe.

A Nación galega. A Galiza labrega e mariñeira. A Galiza única, viva, real, eterna; viva, ten e tera en Curros Enriquez, unha permanente bandeira de acción e de loita, a prol dos seus direitos e reivindicacións, porque o poeta, inda que físicamente morto, sigue vivo na concencia popular; sigue vivo, moito máis vivo que algúns poetas e escritores do intre actual, cuxas obras astratas que se non nutren das esenciais do povo, por incapacidade de chegar a un estado de fidelidade de constanciación co dito povo, pasaran como un feito intrascendente, e será o deles, un mensaxe sin resonanciais, incomprendido e vano. Curros en troques, por ser a personificación da fidelidade co a patria e co povo, hachará sempre na sua i alma, un resacuncho morno e garimoso, que vivirá namentras viva un galego que sinta arelas de patria, de liberdade e de progreso.

O Galeguismo Forza Evantizadora

(Ven da Pax. 1)

Zada de algúns dos nosos paisanos, poderán deter o seu avance triunfante e redentor. O galeguismo terá de ser en todo intre, namentras Galiza non sexa redimida, o formento que sazone e dea sello de lexitimidade a toda actividade a prol de Galiza. O galeguismo é donentes de nada e por so, bor de todo fidelidade; fidelidade coa patria, ouxetivo suupremo da nosa acción, comenze e fin das nosas arelas, dos nosos ideais, dos nosos anxeos.

Fiesta à Terra

O COLMO DOS COLMOS

O centralismo español retardatario preguiceiro torpe, sempre no tocante a creación de obras de fomento económico, de aproveitamento das moitas riquezas, do benestar social do país galego acada unha perfeición cáseque incomprensibel cando de consunar algún despoxo contra Galiza se trata.

Si fixamos unha ollada esculadora no aital panorama económico da nosa patria, atopamos unha hea de feitos que amostan de xeito concreto e irrefutable a verdade da nosa afirmación; máis abunda por de noto o caso paradóxico e criminal, que ven acontecendo coa eletricidade, fornecida nas modernas prantas produtoras que nos derradeiros anos ven pódose en marcha no noso país.

Istas modernas, e algunhas delas xigantescas centrais hidroeléctricas, deberán ser verdadeiros emporios de riqueza, dabondo por si solos pra trocar a enxada económica galega aital, nunha economía próspera; alícerce onde ten de se asentir o benestar social do noso povo. Máis elo non acontece nin acontecerá namentras Galiza fiquie escravizada por un réxime político económico, que ren lle interesa do seu povo, do seu benestar social, de sua cultura; de canvo poida constituir unha riqueza, unha mellora, un progreso. Intréalle somentes despoxarnos —roubar-aos pra sermos máis precisos— do que temos e valem, no seu propio beneficio. Isto é o que ben acontece coa riqueza hidroeléctrica, na que é tan abundante a nosa Patria, pois, namentras se asolagan as terras dalgunos dos seus meís fértiles vales, coa perda que supón pra os nosos labregos o despoxo das terras que fornecen o seu sustento, e se margullan polas augas vilas importantes, non somentes no orde económico, senon tamen histórico e arqueolóxico, cal acontece oen Portomarín no curso do auto Miño...

Galiza recibe en compensación o triste privilexio, de contar coas dúas provincias peninsulares, co meirano número de habitantes que non dispoñen de luz eléctrica. A de Lugo con 331.239. habitans, e a da Cruña con 280.872, según datos do Sindicato de Augas Gas e Electricidade de Hespaña. Perante iste feito paradóxico e aleccionador, xurde natural e espontánea a pregunta de: Como é posible que isto aconteza en Lugo, asento de dúas das máis importantes centrais hidroeléctricas peninsulares: a dos Peares, cunha produción de 350.000.000 kw. hora anuaes, xa en funcionamento, e a de Belesar, a ponto de se por en marcha e cunha produción sera de mesmo volume que a anterior? Como é posible que isto aconteza en Galiza, produtora das meirandes cantidades de enerxía da península o "paradiso das centrais hidroeléctricas" según calificativo dos axentes das finanzas e da economía do réxime asoballador? Non producen os distintos sistemas hidroeléctricos de Galiza perto dos 3.000.000 kw. hora anuaes? a onde vai parar semellante volume de enerxía? Vai parar a resecada e desolada Castela, a León, a Valladolid, Madrid... Centros de industrias protexidas e parasitarias, que por ficar lonxe das fontes produtoras de materias primas e enerxía, dos portos de embarque e desembarque, das roitas de comunicacións baratas, e dos centros de consumo; pesan como unha hipoteca sobre da economía do Estado, que soluciona de contado "a la española", as perdas que orixinan aumentando os impostos que como unha lousa paralizante, frenan todo intento económico renovador.

Si Galiza non tivera razóns de orde étnico, cultural, histórico, xeográfico, etc. pra loitar en procura da sua emancipación, do fracaso secular que sostitue o Estado Español, frustración de toda a grandeza peninsular, incluíndo a mesma Castela sua creadora, abundarian as razóns que deixamos espostas pra sustentar unha acción arredista do povo galego. Vaille nelo unha cuestión de vida ou morte, de ser ou non ser, que non admite dilacións.

Ten o noso país todos os elementos necesarios pra crear a potencialidade industrial que lle é mester pra ausorver o eiscedente de povoación rural e marítima, nais pra elo e imprescindible que o seu potencial hidroeléctrico, os minerais de ferro do Inio e do Caurel, os caolins de Burela, o wolfram etc., sexan en proveito do noso povo, pois con elo, se non vería na necesidade de eisportar o que resulta máis doroso; o elemento humano, que logo de feito home, con todo los traballos e sagrefizos que elo representa, cando pode fornecer riqueza, vese na obriga de levar a eistranos mundos, o cabedal imponderabel da sua capacidade de traballo, a sua sangue xenerosa, e a grandeza moral da sua densidade humana. E mester e euxente que sexa "Galiza pra os galegos o servicio

A Coleitividade Galega e a República

Encol deste tema falou o deputado Dr. Suárez Picallo no Centro Pontevedrés

En Suárez Picallo todo é pobo. Todo ele está saturado de pobo: o seu xeito de ser, de falar, de vestir. E é que Suárez Picallo era pobo má denantes de ser xornalista ou deputado descubren que ser "pobo" e moi comente. Mas con Suárez Picallo non hai engado posible pois para iso está a sua "militancia" anónima nas feiras do pobo dende o seu nacemento até que foi eleito para as Cortes Constituintes do 31. Poi, ben, este home do pobo falounos o 28 de marzo pasado no Centro Pontevedrés encol dun tema de profunda significación popular: a nosa coleitividade e a República.

Nós poderíamos encher agora unha boa parte deste periódico transcribindo textualmente as verbas de Suárez Picallo, mas, o fundamental non é o que di o orador senon as inquietudes que desperta no seu auditorio. Emporiso imos por aquí alguns pensamentos que xurdiron en nós depois de escoitar a Picallo.

Falounos Picallo das inquietudes republicanas e democráticas do noso Pobo e de como tomaron corpo estas ideas na emigración. Lembrou a fundación da Federación de Sociedades Galegas, a sua labours decididamente republicana e esquerdista durante a ditadura de Primo de Rivera, e a acción difusora do seu voceiro "El Despertar Gallego" (depois "Galicia"). Falou da labours de cara ao porvir do Galeguismo na Terra, a sua influencia na coleitividade e os resultados prácticos da vontade republicana dos galegos que deu infindas probas, das que imos sinalar somentes dúas moi significativas: o alto orgaizado polo galegos contra a ditadura de Primo de Rivera, que foi o primeiro que se fixo, e o Primeiro Congreso da Emigración Galega, que foi a maior asemblea republicana que se fixo dende o 1939. Referiuse tamen á Irmandade

Galega da que afirmou que é un movemento de unidade de loita apról da liberdade galega sen distincións de partidismos; e finalmente falou do carácter esquerdista, renovador e popular do sentimento republicano e nacionalista do pobo galego.

As verbas de Suárez Picallo foron como decote ginxelas, diretas e craras. E fixéronnos matinar encol da forza enorme que o noso pobo emigrado posúe para loitar efectivamente contra a tiranía de Franco e apról do triunfo dos ideais republicanos e galeguistas. E é admirábel que o pobo galego esquecido e aldraxado durante 500 anos, sumido na escuridade e negado da vida que lle correspondía, tivese esa extraordinaria vontade republicana da que carecen outros pobos peninsulares que desenrolaron a sua vida con maior liberdade. O noso pobo quere a liberdade para a sua Terra e sabe que o camiño é a República. Mas tamen sabe que se a República non é Federal non terá liberdade para a sua Terra. Noso pobo non estivo nen estará endemais coas monarquías, nen con ningunha crase de solución reacionaria do problema peninsular, mas tamen non se deixará enganar mais con promesas de autonomías concedidas. Noso pobo estivo e estará cunha solución esquerdista, popular e progresista do problema peninsular. Noso pobo desexa unha República Federal para España e dereito de autodeterminación para Galiza. Non por un egoísta nacionalismo mal entendido senon porque o noso pobo non e considera máis do que outros pobos mas sabe que non é menos que ningún. Isto foi dito ben craramente por Suárez Picallo: O noso universalismo escomenza en GALIZA e dali se estende por todo o mundo, por todos os pobos, sen fronteiras.

O Liberalismo Galego

AULA MAXISTRAL DO PROF. DR. LUIS TOBIO FERNANDEZ

Galiza é un país de fonda raigame liberal. A sua historia é unha permanente loita a prol da liberdade. Da liberdade do home e da liberdade da coleitividade. Galiza é o primeiro país europeo saído do poloas loitas sociais —as gueras dos Irmáns— séculos denantes da Revolución Francesa. Galiza é o primeiro país europeo que acadou levar ao goberno un ha representación popular organizada, moito denantes de establecerse o Parlamento inglés. En Galiza xurdiu o primeiro movimento occidental a prol da liberdade de conciencia —a libre interpretación dos textos sagros que propiciaba Prisciliano— que recén sería acadada pola Reforma. Galiza é o país peninsular que mello r emais orgaizadamente resistiu a invasión napoleónica. Galiza estivo sempre no primeiro plano das loitas pola liberdade popular do século XIX. Galiza ten dende antigo firme vontade republicana e democrática. Nunca na Nosa Terra xurdiron movementos oscurantistas nados en outras terras peninsulares trouxern a noite ao noso País. Emporiso a historia do liberalismo galego é a historia da Galiza.

Encol deste tema, cada día mais apaixonante polos novos descubrimentos que se fan na nosa historia, ditou unha aula maxistral o Prof. Dr. Luis Tobio Fernandez, o 11 de abril no Centro Pontevedrés. O Dr. Tobio, vello militante do Partido Galeguista, ex profesor da Universidade Compostelá, ex diplomata da República Española, reside actualmente exiliado en Montevideu, e asistiu ás xeiras con que o Centro Pontevedrés conmemora un novo aniversario, especialmente invitado por esta entidade.

Sinxelo, claro, con unha manifica dicción e con verdadeiro senso pedagóxico, o Prof. Tobio foi espondendo sistematicamente o desenrolo do liberalismo galego, que leva a afirmar o valor da liberdade individual como condición indispensable para a liberdade da coleitividade e para o desenrolo da vida humana.

A aula do Prof. Tobio tivo unha extraordinaria importancia para o mellor coñecemento do noso espírito nacional e sería lamentábel que o

da humanidade' nisas poucas verbas hai un mundo de posibilidades que non acadaremos endexamais na mentras todo canto temos e valemos sexa en proveito pra servir aitos e indios intereses.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual (en trámite)

DIREITOR M. DA PRESA

REDAICION Avda. BELGRANO 2186

Escritores Galegos I- Escritores Castelans

por M. DA PRESA

De tanto en vez, saíndose do diálogo ocasional, xurde á discusión pública, de si un escritor que realizou a sua obra en castelán polo so feito de habere nado en Galiza, é ou non un escritor galego en toda a acción da verba.

No ano 51 saíu do prelo en Galiza, unha "Historia de Literatura Galiga" e na, aparecen comentados somentes aqueles escritores que realizaron parte ou toda a sua obra en lingua galega, aparecendo ademais, como escritores galegos, os granadinos García Lorca e Juan Pérez Creus, polas suas aportacións á nosa lírica de "Seis Poemas Galigos" e Cancións dese Amor que se dis Olvido".

Pouco tempo após, apareceu outra "Historia de Literatura Galega" e nela, sen parir en barras, son comentados todos aqueles escritores nados na terra realizaran ou non a sua obra no idioma de Galiza.

Nun oXornal de Galiza, de moito creto, un coñecido poeta criticoe a hortodoxia galega do autor da primeira e loubou sen reparos o da segunda.

No primeiro Congreso da Emigración Galega, realizado en Bos Aires no año 56, un congressista pronunciouse sen moitos miramientos contra a Pardo Bazán e Valle Inclán negándolles a ambos condición de escritores galegos, provocando con ista actitude un grande rebumbio nun determinado sector...

E' evidente que cando se discute este tema, decote se parte dunha base falsa, tanto que, non ven sendo o mesmo un escritor andalusí, aragonés ou extremeño; que esta e unha denominación marcamente xeográfica, provincial; que necesariamente cal no ámbito idiomático castelán; e un escritor galego que, polo so feito de seño, leva implícito sine cua non, a sua condición nacional diferenciada por onde o diálogo no ha lugar se de plan se non acepta este principio.

Craro esta que hai corenta años, so un reducidísimo fato de homes, enfocaba o problema nos seus termos coherentes, e daí non pasaba. Pro e que cada día o ideal dunha Galiza recuperada, plea de destíños, accesa polo verbo do idioma e da propia cultura, ábrese paso, e xurde como non pode sere doutro xeito, a necesaria revisión dos valores: os de auténtica aportación, os que capitalizaron cultura en verbo e en espírito galegos, dunha banda, e os outros, os que non sentindo o chamado telúrico, emigraron alouñados cara o paralelo de Madrid. Non os criticamos, pra que? non se lle pode pedir a ningún o que non sinte.

seu texto, como o de moitas outras importantes aportacións ao estudo da personalidade galega, ficase esquecido e reducido somentes aos que tivemos a sorte de escoitalo. Concede con este pensamento, a meritória Comisión de Cultura do entro Pontevedrés ten proleitoado editar este traballo para a sua mellor difusión.

Uns fixeron pintoresquismo, ese pintoresquismo choromilqueiro que tanto mal nos fixo. Algun como Valle Inclán, ofe-receulle á dominante cultura oficial, en labrada bandexa de prata enterga, unha Galiza de neboas, de escudos nobiliarios e maorazgos campesinos brutos e decadentes, de pelan-grinus e moñantes, de trasnos e meigas, unha Galiza inexistente abofe, que solprende os circos literarios madrileños, e que tivo o mérito de ensanchar os tradicionais moldes acochados na meñania dun pintoresquismo parvo a rampón.

Na porteira tarde luminosa de sol en que se lle dou terra ó corpo mortal de Castelao, algun verteu sentenciosas verbas: "Antes de Castelao podíase sere galego de calquera maneira; após de Castelao, se é fidel a Galiza ou se é traidor..."

Como vedes mais que un propósito, un programa, un deber; o incluíbel deber de todos os galegos de sermos integralmente fideles a Galiza, e, teremos de selo, cos penaos e a espátula do humilde ferramente de traballo e pensamento.

Certo que isto demanda un fondo sentimento de galegidade i espíritu de sagrefizo. Porque Galiza, ademais dum craro e rexo senso de nacionalidade dos seus fillos, tem mester de arrequentar o seu tesouro artístico, literario e científico.

O seu iustre idioma de fendas e maravillosas resoancias medievas, secularmente persiguído, escarnecido e proscrito na propia terra: "O Cristo das linguas" como lle chamou o gran Curros, ten de sere revitalizado, arrequentado: dacordo as eisixencias de vida moderna, en función e ó servizo de Galiza, pra elo é mester da aportación entusiasta e xenerosa dos seus fillos máis preeranos.

Naturalmente que esta é unha cruzada patriótica ca cal forman parte os "bo e xenerosos": os que tocados polo verbo divino da lingua e das tradicións nacionais, donaron ó povo o millor da sua inspiración literaria: Rosalia, Curros, Pondal, Cabanillas. E os que o dan todo até a sua propia vida: Castelao.

Conveñamos lealmente que, acarón destes ensenos a quenes tanto ilos debe o aital renacemento nacional de Galiza estan os outros, os en litixio, os escritores castelans nados en Galiza, os que non habendo sido tocados polo verbo divino da lingua e a cultura patria, emigraron, sumándose a outras culturas de reambulron e, o que a pior, á oficial, a asoballadora, o idioma e cultura en nome da cal se proscribse o noso idioma e a nosa cultura.

Emporiso que neste aspoito a que facemos referencia, como en todos aqueles que asintxen o rezardir da personalidad nacional de Galiza, e mester tomar posicións firmes e concretas fronte os homes e os feitos e, así teremos, evidentes calquera acto de conveñencia.